

**A lliteratura en gallego-asturiano nel primeiro tercio del siglo XX:  
prosa y poesía nel *Castropol* y *El Aldeano* /  
*Eonavian literature during the first third of 20th century:  
Prose and poetry in Castropol and El Aldeano***

Lucas Vega Villabrille

Investigador nel marcu de l'ayuda predoctoral Severo-Ochoa

Universidá d'Uviéu

ORCID iD: <https://orcid.org/0000-0002-9718-9668>

**Resume:** Nos primeiros anos del siglo XX houbo en Castropol dous periódicos que tiveron muita relación coa Biblioteca Popular Circulante de Castropol y outras actividades culturais nel conceyo: el *Castropol* y *El Aldeano*. Nellos, houbo abondas colaboracióis en gallego-asturiano, mui diferentes úas d'outras. Sían prosa ou verso, estos textos son dalgús dos primeiros testimonios da lliteratura escrita nesta variedá del occidente asturiano, el que fai qu'estos periódicos sían útiles pra conocer y estudiar estas primeiras etapas y ver el sou desarrollo nel tempo.

**Palabras clave:** Castropol, Navia-Eo, gallego-asturiano, lliteratura, periódico

**Abstract:** *During the first years of 20th century, two newspapers appeared in Castropol, both closely related to the Biblioteca Popular Circulante de Castropol and other cultural activities that were taking place in the village at that time: Castropol and El Aldeano. There's plenty of submissions in both of them that use the local language, quite different one from each other. Whether if they are prose or poetry, these are some of the first evidences of a literature that uses this dialect, which makes this journals useful to get to know and study these first stages and its development through time.*

**Keywords:** *Castropol, Navia-Eo, Galician-Asturian, literature, newspapers*

## 1. Introducción y estado da custión.

Durante el primeiro tercio del siglo XX editáronse nel conceyo de Castropol dous periódicos, asociados á Biblioteca Popular Circulante (BPCC) y mui comprometidos coa causa política y cultural, *Castropol* (1905-1924) y *El Aldeano* (1929-1933). Nun foi esta a única prensa xurdida nesa época entre os ríos Navia y Eo, pois existiron outros como *Ecos Vegadenses* (1924-1938), *El Río Navia* (1913-1936), *El Faro de Tapia* (1898-1899), *Las Riberas del Eo* (1881-1971), *Brisas del Eo* (1916-1919), etc. Nacen estos periódicos da parte máis occidental d’Asturias (ou máis oriental de Galicia) nas principais villas como Tapia, Castropol, A Veiga ou Navia, unde había máis población que nas aldeas, así como entidades culturais que potenciaron el interés polla cultura; máis ou menos cen anos despóis da aparición del que se considera el primeiro periódico rexonal asturiano, a *Gaceta de Oviedo*, en 1808, que xa vai con retraso en comparación con outras partes da Península (Rodríguez-Fernández-Bron, 2004, p. 7).

Estos periódicos locales ou comarcales trataban asuntos que nun aparecían nos que se publicaban nos grandes centros urbanos d’Asturias, nin muito menos nos nacionales. Quizabes tamén por eso os máis foron de mui corta tirada —y con esto en mente hai que respetar el llabor del *Castropol* ou el *Río Navia*, que tiveron en activo vinte anos—, como é el caso d’*El Aldeano*, de periodicidá quincenal.

Neste contexto d’empezos de siglo, el *Castropol* y *El Aldeano* ocupan un sito especial na historia da lliteratura en gallego-asturiano y merecen ser estudiados con profundidá. Na súa introducción al primeiro tomo da *Historia de la prensa en Asturias: Nace el cuarto poder. La prensa en Asturias hasta la Primera Guerra Mundial* (2004), señala Jorge Uría qu’a prensa asturiana ta pouco estudiada nel panorama español (p. 10), y añadimos qu’a prensa del occidente d’Asturias ainda menos.

El primeiro d’ellos, el *Castropol*, dirixido nos primeiros anos por Claudio Fernández Luanco (1838-1916), que lo funda á súa volta dende Avilés, xa na ancianidá (Suárez, 1959, p. 293), y máis tarde por Etelvino Méndez (1875), músico y periodista de Lḷuarca<sup>1</sup> (Fernández-Acevedo, 2014, p. 6), xurde nel contexto caciquil d’empezos de siglo y, quizabes por ser Castropol capital de partido xudicial, neste conceyo sufriron máis as consecuencias d’ese panorama social (Suárez-Fernández, 1999, p. 59). Un grupo de xóvenes reformistas tomou entoncias a iniciativa de colaborar nel periódico decenario *Castropol* y, nel primeiro número (20 de xuyín de 1905), despóis de saludar al público y colegas periodísticos, enuncian os propósitos que van perseguir:

El malestar general que desde hace tantos años se siente en este extremo occidental de la provincia [...] es muy de razón que haya buscado algún modo de exteriorizarse.

[...]

Ajenos a toda conveniencia personal, y puesta la mira únicamente en el bien de estos pueblos, ni nos mueve el odio hacia nadie, ni la esperanza de ventajas tiene influencia alguna en nuestra determinación

[...]

Queremos que los que aparecen como representantes del pueblo, no sea este el último a saber que los ha nombrado; que su presentación al público no sea como salidos de debajo del manto del prestidigitador; que toda nuestra representación en el Municipio no se reduzca a tener que contentarnos con alcaldes nominales perpetuos, con acompañamiento de desconocedores del régimen municipal, y que haya la mayor diafanidad en cuanto en la Casa del Pueblo y no perduren ya más las tinieblas; (*Castropol*, 20 de xuyín de 1905)

pollo que poden incluírse na categoría de periódicos «defensores de los intereses morales y materiales», neste caso, del partido xudicial, tal como se pode ller na cabeceira. A misión fundamental d’este tipo de prensa é, según Víctor Rodríguez Infiesta,

<sup>1</sup> A música pra *Un feixe de tapiégadas* (1922) foi obra d’este autor.

defenderlas [ás pequenas localidades] de sus supuestos enemigos [...] La declaración de servir solo a los intereses del pueblo o comarca de que se trataba, así como la exigencia de apoliticismo —sin duda por la facultad de la política para exacerbar las disensiones en pequeñas comunidades— se avenía con las condiciones de sociedad a pequeña escala, donde el control social de las disidencias, como en el caso de las comunidades rurales, era tremendamente eficaz (Rodríguez-Infiesta, 2004, p. 80)

Ese apoliticismo que menciona Rodríguez-Infiesta parece querer manifestarse nel *Castropol* condo falan das «conveniencias personales» ou «el odio hacia nadie», pero nun é máis qu'el xeito del periódico pra presentarse en sociedade y ser ben recibido. Os llectores pronto van decatarse das posturas y ideas políticas da directiva. A declaración inicial queda nel papel y pódese considerar al periódico como un aparato propagandístico del tamén recentemente fundado Partido Independiente, chamado *novo*, en oposición a os conservadores, os *veyos*, representantes del sistema da Restauración. D'este xeito, nel número 180 (1 de mayo de 1910), a directiva reflexiona sobre a tarefa con qu'empesara el periódico: «arrancar esta comarca de las garras del caciquismo feroz y sin entrañas». Posteriormente, el Partido Independiente integróuse nel Partido Reformista de Melquíades Álvarez (Suárez-Fernández, 1999, p. 60), sendo as súas visitas á zona y os seus discursos, condo se producían, cuase tema único d'esos números del periódico. Estas rivalidades quedaron ben patentes nas páxinas del *Castropol* «e foron o tema máis destacado nos poemas que o xornal publicou en galego» (Fernández-Acevedo, 2014, p. 7).

Sin embargo, a finales dos anos vinte, el periódico deixóu de publicarse, al parecer por úa publicación de Conrado Villar Loza contra Primo de Rivera, qu'incluso amenazóu a Villar Loza con un desterro, aunque nunca chegou (Suárez, 1959, p. 452). Na *Biblioteca Virtual de Prensa Histórica* indícase qu'el diario duróu hasta 1925, pero nun se conservan números máis alló de xuyín de 1924. Si a esto se ye amece a información que da Constantino Suárez sobre a intervención del Delegado Governativo da Dicitadura pra suspender el periódico, fechada en 1926, parece que nun se conservan os últimos exemplares.

Fose como fose, nun cesaron as actuacións culturais castropolenses y os colaboradores del *Castropol* impulsaron un boletín anual, titulado *El Libro y el Pueblo*<sup>2</sup> (1924-1928), que, aunque fose pensado como órgano de comunicación da Biblioteca (F. Coronado, 2008, p. 79), nun iba ser outra cousa sinón el embrión del periódico quincenal *El Aldeano*, oficialmente establecido como tal el 15 d'outubre de 1929, que taba «elaborado por redactores que no eran profesionales del periodismo; iba dirigido a una población totalmente rural, de escasos recursos y bajo índice de escolarización; y se imprimía en la vecina localidad de Ribadeo, en la provincia de Lugo» (F. Coronado, 2003, «Generalidades», párr. 4). Xa nel seu primeiro número se daba a conocer a iniciativa de fer un vocabulario de «nuestro vernáculo», solicitando a colaboración popular, úa clara declaración d'intencións de continuar col compromiso coa cultura rexonal del *Castropol*.

Nel campo académico y da investigación, xa outros autores s'encargaron d'estudiar a lliteratura que se fixo y se fai al oeste del Navia na llingua local. Nalgús casos, esto faise polos estudiosos da dialectoloxía, como na obra de Xoán Babarro González, *Galego de Asturias* (Babarro-González, 2003), qu'utiliza como testimonios llingüísticos dalgús dos textos dos autores que se van mencionar máis tarde neste trabayo. Einda así, neste tipo d'obras é máis frecuente reparar na lliteratura tradicional y oral, antias que na escrita. En torno á actividá cultural castropolense, hai un estudio da Biblioteca Popular Circulante de Castropol, feito por Xabier F. Coronado: *Memoria de la Biblioteca Popular Circulante de Castropol. Biografía de una red de bibliotecas a través de sus publicaciones* (2008), nel que dedica abonda atención a os periódicos, xa que foron úa das formas

<sup>2</sup> Os cinco números d'este boletín consérvanse na Biblioteca Menéndez Pelayo de Castropol, einda que nellos nun hai textos en gallego-asturiano.

nas qu'a biblioteca se comunicaba col conceyo y os usuarios y que vale mui ben pra entender as motivacións y a historia d'úa biblioteca que chegou a ter catorce sucursales en distintas parroquias.

El interés académico pollos textos lliterarios publicados nel *Castropol* y *El Aldeano* rexurde, máis ou menos, a finales dos noventa del siglo pasado. Así, en 1996, Xosé Miguel Suárez Fernández publica en *Lletres Asturianas* «Apuntes sobre a lliteratura en gallego-asturiano», nel qu'empieza dicindo qu'os datos tán incompletos, qu'einda nun puido atopar dalgús exemplares de periódicos nin acudir a coleccións privadas, mostrando cómo de valleiro taba el campo académico fai treinta anos. Como proba de cómo avanzou a investigación hasta hoi, Suárez Fernández diz nel sou artículo que solo puido atopar ventidúas composicións firmadas por *Farruco* (Suárez-Fernández, 1996, p. 24), del que vamos falar máis embaxo. Neste trabayo y noutros posteriores al de Suárez Fernández, nos que foi posible localizar máis exemplares, xa se fala de qu'as poesías de *Farruco* nel *Castropol* suman cuase el dobre.

Nel transcurso das *Primeiras Sesióis d'Estudio del Occidente (Castropol, 8 d'agosto de 1998)*, Xosé Miguel Suárez Fernández presentou úa comunicación sobre *El Aldeano*, centrándose na obra d'Alejandro Sela, recoyida nas *Actas* de dichas sesióis, publicadas en 1999, ademáis de que fixo úa edición facsimilar del orixinal d'*Un feixe de tapiogadas* (Villar-Loza, 1999). Al ano seguinte, fexo úa edición das colaboracións d'Alejandro Sela escritas en gallego-asturiano y publicadas na prensa: *El Tío Pepe. Colaboracións periodísticas en gallego-asturiano* (2000). Nel 2003, publicouse úa edición facsimilar dos números d'*El Aldeano*, feita pol Ayuntamiento de Castropol y con úa introducción de Xabier F. Coronado na que pon atención, entre outros asuntos, a os textos escritos en gallego-asturiano y os sous autores.

Dende Galicia tamén chegan académicos interesados nestos textos y autores, como é Francisco Xavier Frías Conde, que dende a MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias) publicou en 2003 *A literatura eonaviega contemporánea (notas sobre literatura galega de Asturias)*, estudio nel que se sigue falando de solo ventidúos poemas de *Farruco*; ou Suso Fernández Acevedo, que publicou en 2008, coa Universidad de Vigo, *A herdade que nós temos. Historia e escolma da prosa en galego do Eo-Navia*, obra na qu'ademáis de fer un índice onomástico, recoye dalgús textos dos autores antologados. En 2014 publicou un artículo titulado *Galicia e o galego na prensa de Castropol anterior a 1936*, nel que recoye y edita todos os textos sobre Galicia ou en gallego-asturiano que s'editaron en entrambas publicacións. Ta tamén el dialectólogo xa citao Xoán Babarro, autor d'*Évos un ameicer guapo. Aproximación á poesía en lingua galega do Principado de Asturias* (Babarro-González, 2007); análogo al trabayo de Fernández Acevedo sobre a prosa, y einda que neste artículo nun estudiamos el xénero dramático, hai que señalar a existencia d'outro estudio máis, nesa mesma llinia: *Literatura dramática e teatro en galego do Eo-Navia* (Bugallo-González, 2009), tamén da Universidad de Vigo. Nel ano nel que escribimos este artículo, estos tres investigadores acaban de publicar, conxuntamente, *Literatura Galegoasturiana* (Babarro-González, Bugallo-González & Fernández-Acevedo, 2023), na qu'actualizan y revisan as informacións pra producir úa monografía na que coyen os tres xéneros da lliteratura en gallego-asturiano.

Sin embargo, quizabes polla extensión que terían as monografías si pararan a fer un análisis pormenorizado de todos os textos, os comentarios lliterarios son máis ben curtios. Però é que tamén, nel caso que nos ocupa, despóis de qu'esos textos fosen publicados nos periódicos, nun volveron editarse hasta el artículo de 2014 de Fernández Acevedo, ou el facsimilar d'*El Aldeano* (Fernández-Coronado, 2003) pollo que quen quixese acceder a ellos tía que fello consultando os números del periódico ún por ún, xa fose na Biblioteca Virtual d'Asturias ou nel Portal de Prensa Histórica. Tampouco houbo úa reedición recente d'*Amarguras d'un viaxe*, como sí la houbo d'*Un feixe de tapiogadas*, nin se conta con úa edición facsimilar d'*El Castropol*, como sí la hai d'*El Aldeano*.

Nas páxinas d'estos periódicos atópanse un gran número de composicións, tanto en verso como en prosa, nas qu'el gallego-asturiano s'utiliza como medio d'espresión, en mayor ou menor

midida. Pollo tanto, ocupan un sito destacado na historia da lliteratura gallego-asturiana y tein que ser valorados como tal. Agora que nun é tan difícil lellos, pódese fer un estudio de toda esta produción del siglo pasado. A continuación, preténdese analizar a forma y os temas nos qu'aparecen el gallego-asturiano nesas composicións, pero tamén a cantidá ou frecuencia con qu'aparecen, pra ter un panorama xeneral representativo d'estas primeiras décadas da historia lliteraria d'esta zona del occidente asturiano, vendo el xeito en qu'el gallego-asturiano vai ocupando distintos ámbitos a medida qu'avanza el siglo. A lo primeiro vai estudiarse a poesía del *Castropol*, despóis a prosa qu'atopamos nel periódico; y nel seguinte apartado vai ferse el mesmo estudio sobre *El Aldeano* pra chegar a úas conclusións finais.

## 2. *Castropol*

Nél, atópanse abondos textos escritos nel gallego-asturiano propio da zona, y os dous primeiros libros que se publican nesta variedá llingüística, *Amarguras d'un viaxe*, de Ramón García González (1920) y *Un feixe de tapiogadas*, de Conrado Villar Loza (1922), entrambos tán editados na imprenta del *Castropol* (Suárez-Fernández, 2009, p. 53), nel qu'estos autores colaboraban asiduamente. Esto, sumado á implicación dos colaboradores del periódico coa creación y posta en marcha da Biblioteca Popular Circulante de Castropol (BPCC) y despóis col teatro, tanto el de guiñol, al que chamaron «de Currillos», como al d'actores y actrices<sup>3</sup>, dan úa búa visión del destacado papel que tuvo el decenario na vida cultural del conceyo durante estas primeiras décadas del siglo.

Nel *Castropol* atópanse cincuenta y oito poesías nas que s'utiliza el gallego-asturiano. Estos textos presentan, na súa mayoría, as características llingüísticas da que Xoán Babarro González establez no seu Mapa 52 como «zona dialectal B1» (Babarro-González, 2003, p. 531), á que corresponden Castropol, A Veiga, Tapia, Eilao, Os Ozcos, y Grandas de Salime. Einda así, os máis dos autores son da zona da marina y, pollo tanto, a variedá llingüística de Castropol y A Veiga vai ser a predominante. É importante tello en conta, xa qu'el glotónimo *gallego-asturiano* abarca tamén as zonas A y C que señala Babarro.

A nómina d'autores é abondo llarga: ta el sou director, Claudio Fernández Luanco, que según Fernández Acevedo taba encargado da sección *Saetas* (Fernández-Acevedo, 2014, p. 43), escrita en castellano, agá a publicada nel número 175 del 14 d'abril de 1910<sup>4</sup>; José Antonio Pérez, Pedro Penzol y Travieso (1880-1965), que tamén foi pintor y ún dos fundadores da BPCC; sumados a os que publican con alcuño: *Cantaclaro, T, X*.<sup>5</sup>, etc.; einda qu'a mayoría solo publicaron úa ou dúas veces. Os temas d'estos poemas pódense resumir na seguinte afirmación de Jorge Uría al falar da lliteratura que se publicaba nel periódico *El Noroeste*: «El registro [poético] se emplea como herramienta para la parábola política, la crónica municipal o la poesía festiva y humorística de cortos vuelos, e incluso no rehúye su empleo para la crítica a sucesos de tanta actualidad como los de la Guerra de Marruecos» (Uría, 2004, p. 27). As preocupacións dos colaboradores del *Noroeste* de Xixón son tamén as que tein os periodistas del *Castropol*:

Clarín, que publica allí cuentos [...] donde se muestran sus preocupaciones por la injusticia social o la recta moralidad. También está Dicenta presente en la publicación a través de sus artículos

<sup>3</sup> Pra máis información sobre os autores y obras, así como pra ller os textos das representacións teatrales que se fixeron al aveiro da BPCC, consúltese *El teatro aldeano* (Suárez-Fernández, 2009).

<sup>4</sup> Tarde piache, Benitín; / dixen mal, piache cedo, / quédate dentro del huevo, / remoya ben el tapín. / Muito te tein que chocar\*/ pra sacarte diputado / Canillejas, el criado / y os dous gansos de Lagar.

(\*): Empollar, en dialecto del país.

<sup>5</sup> Anque na súa introducción al facsimilar d'*El Aldeano*, Xabier F. Coronado indica que tras este alcuño taba Francisco Manuel Fueyo, corresponsal d'As Campas, Fernández Acevedo diz, y coincidimos con él: «Ignoramos se esa é realmente a identidade do autor» (Fernández-Acevedo, 2014, p. 165).

o en el formato de relatos cortos [...] donde se pega un buen repaso al clero indolente, al nepotismo y al caciquismo, o a vicios caracteriales como el de la envidia. Manuel Bueno, en fin, recrea en sus colaboraciones los mensajes pacifistas, tipos sociales como el de la dama derrochadora, o la desigualdad social en las relaciones interpersonales. [...]

Se trata, en suma, de una plétora de literatos seleccionados, no cabe duda, con el objetivo de mover a la reflexión y acercar a los lectores el programa ideológico del diario; y en este sentido la índole de los asuntos literarios es bien explícita, aún cuando no se rehúya el tratamiento de los temas amorosos ni otros tópicos. (Uría, 2004, pp. 26-27)

Neste sentido, a moral, a inxusticia social, el caciquismo, os vicios y os tipos sociales tarán presentes nos poemas del *Castropol*, aunque nun contexto mui distinto al del periódico de Xixón, coas peculiaridades llingüísticas obvias, pero tamén con outra actitú polla ubicación espacial dos periódicos. Nel caso que nos ocupa, esos temas aparecen nel ámbito da aldea, llonxe del urbanismo y, pollo tanto, os autores tratarán de chegar al público mediante outro tipo d'elementos porque as formas de vida y as preocupacións nun son as mesmas. Si nas cidades temos úa lliteratura orientada a os obreiros ou as clases dominantes, nos periódicos que se tán estudiando, el destinatario dos textos é a xente da aldea, que ten que mirar pollo sou. Esta apreciación pode matizarse coa que fai Suso Fernández Acevedo sobre úa nova etapa, menos política, del *Castropol*, comenzada en 1923, xa nos últimos anos del periódico:

Cremos que isto coincide coa evolución que se deu tamén en Galicia nos movementos agraristas, que baixaron moito o ritmo nas súas reivindicacións antiformais e anticaciquís e centraron as súas actividades na mellora da maquinaria agrícola, na adecuación dos abonos, etc. [...] En canto á posible incidencia da Ditadura de Primo de Rivera, está claro que os responsables do xornal coincidían co Directorio Militar nas eivas que tiña o sistema, a vella política, pero non compartían a solución, como se pode entreler no número 664, do 20 de setembro de 1923, que foi o primeiro que se publicou desde o levantamento (Fernández-Acevedo, 2014, p. 10)

Os poucos poemas que nun responden a esa intención política son, na súa maioría, de temática fúnebre, como el que fai *Farruco* en memoria de Menéndez Pelayo (*Castropol*, núm. 259, 30 de mayo de 1912) y qu'incluimos máis embaxo. Tamén hai moitos poemas con un importante compoñente humorístico, ás veces satírico, pero nun deixa de ser nos poemas unde destaca el contido político.

Destaca d'entre todos os autores Ramón García González (1870-1938), que taba al frente da iniciativa del vocabulario vernáculo (*El Aldeano*, núm. 1, 15 de outubro de 1929) y publicóu, en total, cuarenta y tres poesías, mayormente usando el alcuño de *Farruco* y outras veces como *Ormán* (Fernández-Acevedo, 2008, p. 39). Os máis dos textos de García González son romances y publicáronse en 1912. Tein que ver con asuntos de política, mayormente local ou provincial, y moitos d'ellos con un marcado carácter satírico ou burlesco, tal como señala Suso Fernández Acevedo (Fernández-Acevedo, 2014, p. 38):

son de temática sociopolítica, anticaciquís. Céntrase nas liortas da política local e a pugna entre os novos e os vellos, que se correspondían co Partido Reformista fronte ás agrupacións políticas tradicionais. *Farruco* é firme defensor dos novos, critica as malas artes do partido vello para tratar de manter o poder e insiste no irremediable fracaso ó que están abocados por falta de apoio social. Moitas veces válese de alusións metafóricas, comentando a forza e a vitalidade da xente nova fronte ós vellos, que van perdendo vigor pouco a pouco, ata morrer.

É, ademáis, el autor del primeiro llibro publicado en gallego-asturiano, *Amarguras d'un viaxe* (1920), que foi mui ben recibido pol público, y d'outras moitas colaboracións noutros periódicos, como *La Defensa*, *La Comarca*, y incluso *El Progreso de Asturias*, editado en La Habana (Suárez, 1959, p. 100). Indo máis alló, Xosé Miguel Suárez Fernández identificalo con *Naide*, autor de tres

poemas publicados en *El Aldeano* (1999, p. 62). Con máis reservas, Suso Fernández Acevedo atribúyeye, tamén, el poema «El Trasnó» (*Castropol*, núm. 345, 30 de outubro de 1914) por ter un estilo similar al sou (Fernández-Acevedo, 2014, p. 39), mentres que Suárez Fernández lo considera de sou sin entrar en matices (Suárez-Fernández, 2006, p. 44).

El sou poema «Nel Xardín», incluído nel libro *Amarguras d'un viaxe*, aparec recoyido na antoloxía d'Enrique García Rendueles *Los nuevos bablistas* (García-Rendueles, 1987, pp. 335-337); y el autor ta incluído na *Historia da literatura galega contemporánea*, de Ricardo Carballo Calero (1962, p. 505), nel apartado «Poetas da dereita do Eo», xunta Conrado Villar Loza, del que falaremos máis adelante, y Antolín Santos Mediante, que queda fora d'este trabayo xa que nun temos a completa seguridá de que publicase nel *Castropol* en gallego-asturiano<sup>6</sup>.

Suso Fernández Acevedo prantía que quizabes el poema «Cousas das mulleres» (*Castropol*, 10 de mayo de 1911), firmado por *Cantaclaro*, poda ser de Santos Mediante (Fernández-Acevedo, 2014, p. 145), xa qu'este último publicaba a miúdo en castellano na sección na qu'aparec el texto, chamada *Musa popular*. Ademáis, este poema carga contra Xarrapo, que fora alcalde de Taramundi. Solo hai outro poema, en castellano, que fale d'este personaxe, y ta firmado por *Un Chambón*, qu'era alcuño de Santos Mediante. Algo que tamén favorece a asignación d'esta autoría é qu'el poema de *Cantaclaro* ten úa ortografía máis achegada al gallego lliterario del Rexurdimento qu'a dos demáis autores, rasgo típico da poesía de Mediante.

Pol número de publicacións, el seguinte autor nel qu'hai que pararse é *Pepe de Mingo*, pseudónimo de Conrado Villar Loza (Taramundi, 1873 – Tapia, 1962), autor del segundo libro publicado en gallego-asturiano, *Un feixe de tapiogadas* (1922), úa obra de teatro con acompañamento musical d'Etelvino Méndez. Os sous poemas, al igual que nel caso de *Farruco*, tamén son de tema político, del mesmo xeito qu'era el asunto central da súa sección nel periódico: *Piropos tapiegos*. Esta é a sección na que publicou a invectiva contra Primo de Rivera que suscitou a clausura del periódico en 1926, según señala Constantino Suárez (Suárez, 1959, p. 452). Foi un personaxe mui importante —y polémico— na época, tanto na vida cultural como política, colaborando noutros muitos periódicos, como *El Río Navia* ou *Las Riberas del Eo*, y sendo el principal promotor da iniciativa pral monumento a Casariego qu'hai hoi nel parque de Tapia.

Hai que sumar á política a emigración, un tema que ye afecta directamente polla súa propia experiencia como emigrante na Arxentina y qu'ocupa el sito central na composición «Lonxe d'aquí» (*Castropol*, núm. 641, 30 de xeneiro de 1923), «das poucas poesías en gallego-asturiano que conecemos que tratan el tema da emigración» (Suárez-Fernández, 2006, p. 71) y quizabes el sou poema de máis calidá lírica, qu'ademáis foi antologado por Enrique García Rendueles na antoloxía citada (García-Rendueles, 1987, pp. 340-341), y mencionado tamén na antoloxía de Carballo Calero (Carballo-Calero, 1962, p. 505)<sup>7</sup>:

¡Lonxe, muy lonxe d'aquí  
donde ye chaman Habana,  
teño el meu fiyo querido,  
teño al meu Pedro del alma!

Veint'anos ha que se foi,  
empuxado por a idea de xuntar  
alí unhos cuartos,  
y volver lougo pr aldea.

<sup>6</sup> Pra úa edición das poesías y máis información sobre Santos Mediante (1880-1944), consúltese *21 poemas de Antolín Santos Mediante Ferraría*, (2002), edición y estudio preliminar de Xoan Babarro.

<sup>7</sup> Pra máis profundidá na vida y obra de Conrado Villar Loza, consúltese *Historia de Tapia a través de sus calles*. (Fernández-Méndez & López-Pérez, 2001).

Deixou con pen'a sua madre,  
 con dolor deixou al pueblo;  
 ¡quira Dios que vexa axina  
 realizados os sous sueños!  
 Desd'el día en que marchou,  
 todos os meses m'escrìbe,  
 y na sua última carta,  
 entr'outras cousas, me dice:  
 Madre querida del alma,  
 sigo con fé trabayando,  
 y s'as cousas non se torcen,  
 tarei axin'al sou lado.

Non desespere, non, madre;  
 non perda, non, a esperanza,  
 que, co'a costancia que teño,  
 sempe alguha cousa s'alcanza.

Xa sabe que lo qu'eu busco,  
 aunque sufr'ahora estrechez,  
 é ter algo pra que pase  
 vosté, conmigo, a veyez.

Quero, ademáis, madre mia,  
 gozar d'os aires da patria,  
 y escoltar n'el meu terruño  
 os dulces sonos da gaita.

¡Que Dios te oiga, meu fiyo,  
 y te traiga pra esta terra,  
 donde t'esperan os brazos  
 y'os cariños d'esta veyea!

¡Lonxe, muy lonxe d' aquí,  
 donde ye chaman Habana,  
 teño el meu fiyo querido,  
 teño al meu Pedro del alma!

Esa calidá lírica qu'alcanza neste poema, qu'ademáis pinta que foi a base prá composición posterior d'úa zarzuela (Suárez-Fernández, 2006, p. 72), enuncíala Frías Conde nos seguintes términos:

No poema, alternan as voces do fillo e máis da nai que chegan a ter un diálogo con abonda forza expresiva. Máis unha vez a saudade, ou empregando a palabra propia do galego de Asturias, a señardade, fan acto de presenza nun poema que é abondo sinxelo no tocante a súa estrutura mais moi emotivo. Dalgún xeito, Conrado Villar Loza é quen de tocar o corazón dos lectores co tema, mais non precisa usar unha linguaxe complicada (Frías-Conde, 2003, p. 31)

Pode qu'esa maior calidá, en comparación con outros poemas de sou, teña que ver col tema. Al ser os máis dos poemas del *Castropol* de corte político-satírica, falar d'estas emocións é algo novedoso que ye fai destacar. El amor, outro tema que tampouco é el máis tratado nos sous poemas (nin nos del *Castropol* en conxunto), aparece en «Cantares», (*Castropol*, 10 d'agosto de 1915), en forma de cuartetos y con un tono burllón:

Que te quero, xa lo sabes,  
 espero que me correspondas;  
 si non lo fais, dimo axina  
 qu'enseguida busc'outra.

Así como van os ríos  
 en busca sempre del mar,  
 así vay el meu cariño  
 pra dondequera que tas.

Al igual que *Farruco*, fai uso del octosílabo y da rima asonante, coa diferencia de qu'a división estrófica que fai Conrado Villar é máis regular qu'a de Farruco. Nel caso de Villar, ás veces implica tamén cambiar a rima en cada estrofa, formando así cuartetos asonantados. Por outro llado, el uso d'estribios pra reforzar as ideas ou potenciar a carga emocional ta ausente na poesía de García González, mentres que na de Conrado Villar a repetición d'ideas é máis usual. Por exemplo, el poema «Non topou nin toupas» (*Castropol*, núm. 503, 30 de marzo de 1919) empeza y termina coa estrofa: «Aquelos que aquí votaron / por don Ramón Navia Osorio, / vendo qu'este non da lume, / tan que los leva el demonio». El poema «Quén é aquel... Adivíelo» (*Castropol*, núm. 124, 20 de decembre de 1908), firmado por *Hipólito*, tamén é sou: ta publicado na súa sección, el poema trata sobre a identidad de *Pepe de Mingo*, y *Hipólito Mentirilla* é el pseudónimo qu'utilizaba pra publicar en *Las Riberas del Eo*, como señala Fernández Acevedo (Fernández-Acevedo, 2008, p. 63).

Pasando a falar d'un xeito máis xeneral del plano da forma, os poemas del *Castropol* utilizan especialmente a del romance de versos octosílabos, normalmente monorrimo, anque hai dalgúas excepcións. Das cincuenta y oito poesías del periódico, treinta y oito presentan esta estrutura. É el modelo estrófico máis recurrente, cuase omnipresente, quizabes porque esta estrutura métrica permite compoñer con fluidez y rápido abondo como pra tratar asuntos de política contemporánea cada semana. Pódense atopar tamén tiradas d'endecasílabos nas que riman os pares en asonante (8 exemplos), ou octosílabos rimando os pares en asonante, pero cambiando a rima cada cuatro ou oito versos (7 exemplos), dando lugar a cuartetos asonantados ou *tiranas*. Entre as outras formas estróficas que se poden atopar neste periódico tá a redondía, véxase «Al noso Don José Ramón» (*Castropol*, núm. 27, 10 d'abril de 1906), de *El ángel de D. José Ramón*<sup>8</sup>:

Y morreo, quen lo dixera,  
 home de tanto saber,  
 ¿cómo se deixou morrer,  
 como morre outro cualquiera?  
 Pois non morreo, non señor,  
 que todo lo deixa escrito:  
 non morreo, cerrou el pico  
 y foy pra un mundo mellor,  
 por eso hoy lo festexamos,  
 y él desde o Celo ven venos  
 e aunque non quer que choremos  
 verá como lo choramos.

<sup>8</sup> Suárez Fernández y Fernández Acevedo parecen discrepar sobre quen ta detrás d'este alcuño. Por un llao, na antoloxía de Suárez Fernández, este poema aparec atribuido a Claudio Fernández Luanco (Suárez-Fernández, 2006, p. 28); pol outro, Fernández Acevedo propón como autor a Marcelino Vior, quen publicara úas palabras en prosa antias del poema, en honor a Don José Ramón Luanco, químico de Castropol (Fernández-Acevedo, 2014, p. 143).

Ou el sou correspondente estrófico en arte mayor, cuartetos, neste caso endecasílabos, en «Á memoria de Menéndez Pelayo», de *Farruco* (*Castropol*, 30 de mayo de 1912). Pódese atopar un poema de versos endecasílabos, pero sin rima (único del periódico, y qu'anticipa el modelo que van seguir os poemas del outro periódico oxeto d'estudio) en «Poder de vicio» (*Castropol*, núm. 281, 20 de xeneiro de 1913); y incluso úa variante de sextiya, de rima *abbcac*, en «Perderás» (*Castropol*, núm. 255, 20 d'abril de 1912), del mesmo autor:

Anda Evardo caviloso,  
con un caris de mil demos,  
ye que n' as cuentas que temos,  
dese ou non á Barrabás,  
non ye ha valer ser raposo,  
qu' escrito ten «perderás».

El formato del periódico nun parez que condicionase a extensión das composicións, pois publícanse poemas que van d'oito versos hasta máis d'un cento. Así y todo, a media ronda os cuarenta y cinco versos, pollo que se pode considerar que, mayormente, trátase de poemas llargos. Outro aspecto interesante d'estos poemas del *Castropol* y que pode que propiciase úa mayor extensión é a súa teatralidá. A lo menos el mitá dos poemas tein partes dialogadas, si nun son poemas dialogados dafeito —algo que xa taba presente nos poemas de *Ormán* de 1906— y pollo tanto representan úa lingua oral, como este, firmado por *T.* (*Castropol*, núm. 253, 30 de marzo de 1912):

*Xa saben.*  
—¿Tas mazando ese tarrón?  
—Tou, Antón, desde que vin.  
Non solta a terra el indino  
Ye torcido de caris  
—¡E rebezo pra ruinuco!  
—Pois xa rabiando salíu  
—¿Sabes tú cómo yes chaman  
Aló, n'Asturias, Xuaquín?  
—Nunca por ei eu anduven.  
¿Cómo yes chaman?  
—Tapíus.

Tamén, muitos poden considerarse narrativos, nel sentido de qu'hai úa acción que yes sucede a us personaxes nun tempo y espacio, sendo todo esto referido por un narrador. A máxima expresión d'esta cualidá dos poemas del *Castropol* pode atoparse en «Taramundi» (núm. 211, 20 de febreiro de 1911), qu'aparez anónimo y qu'empeza precisando el sito del acción:

N'este concello da serra,  
é na parroquia das Veigas,  
hay un monte muy espeso,  
que lle chaman a Barreira.

En certo sito d'o monte  
hay un'a casiña boa,  
que si mal no me engaño,  
chámanlle a Barreiroa.

y pasa despóis a os personaxes: «Esta casa t'habitada, / hay muitos anos, por xente / que escribe à sua manera / no *Eco dos indecentes*<sup>9</sup>». Outros ubícanse nun cronotopo conocido pol público, y os personaxes, si nun son conocidos, son prototipos identificables con individuos da zona, pollo que se trata d'úa poesía mui contextualizada y orientada hacia un público mui concreto, que fácilmente podería reconocer nel ambiente ou nos personaxes elementos propios da súa vida. Vala d'exemplo a escena qu'aparez narrada nel poema «El primeiro», de *Farruco* (*Castropol*, núm. 211, 20 de febreiro de 1912), unde us nenos tán esperando pra xantar fereixolos:

Aboboriaba á cocía  
 como si fora el infierno;  
 por a lumieira fuxindo  
 iban as chispas pra'l vento;  
 quéixase a leña estalando,  
 y el unto chirriaba dentro  
 d'a tixela, y daba brincos  
 de puro sufrir ardendo.  
 Sentados, al pé del lume  
 taban Xuaquina yos nenos:  
 ela, revolvía á pasta,  
 elos, mirábanla serios.

—¿Ha de ser pra min, mamá,  
 ese que fagas primeiro?

Pollo que respecta á prosa en gallego-asturiano del *Castropol*, hai que destacar dez composicións, obra de Victoriano García de Paredes. Trátase da decaloxía *Crepúsculos*, da que falaremos agora. Outros autores son Conrado Villar, el xa mencionado *Pepe de Mingo*, que, nesa sección *Piropos Tapiegos*, inserta nos sous textos palabras ou espresións en gallego-asturiano cada pouco, especialmente al falar das festas y bailes que se fían en Tapia, por exemplo, na festa de San Blas<sup>10</sup>; Pedro García Arias (1892-1980), a quen chamaban «El Cantor del Eo», autor d'*Antología de poetas asturianos* (1958), y d'outros dous llibros de poesía en castellano (Suárez 1959, pp. 441-443), *JRF*, pseudónimo de José Rodríguez Fernández, «cura nacido nas Figueiras, que exerceu en Castropol e na Veiga, e foi activo colaborador durante décadas nos xornais da zona» (Fernández-Acevedo, 2014, p. 24); *Sovietra*, José F. Arias, *Uno del Banquete. MM*, F. Lombardero... Nestos textos, el gallego-asturiano aparec principalmente de dúas formas: ben nos parlamentos dos personaxes, mirando polla verosimilitú; ben como espresións locais en textos maioritariamente en castellano. Os temas funerarios y políticos tán presentes tamén, pero por encima de todo, hai en cuase todas un daqué de costumismo, ben palpable nos *Crepúsculos*, pero que, según Fernández Acevedo, ta tamén nos poemas máis políticos: «Con frecuencia, nun único poema mestúranse máis dunha destas liñas e a ambientación costumista inicial acaba aproveitándose para facer denuncia social» (Fernández-Acevedo, 2014, p. 37).

As dez composicións de *Crepúsculos*, repartidas entre 1905 y 1906, son breves narracións cuyo punto común é el hora na que suceden y a ubicación nel conceyo de Castropol. Cada úa d'ellas ten lugar en espacios diferentes, pero, en definitiva, amosan diversas parcelas da vida castropolense de finales del XIX, con un aire melancólico, presente na poesía d'esta época da Restauración, y con trazas da lliteratura romántica y modernista. Xa el propio nome, *Crepúsculos*, é úa proba del

<sup>9</sup> Xogo de palabras col periódico *El Eco de Occidente*, nel que debían publicar as personas que son oxeto d'escamio neste poema.

<sup>10</sup> 3 de febreiro.

gusto pol mundo da noite; y apunta hacia úa concencia d'acabamento propia da estética y mentalidá del Fin de Siglo.

El narrador vai pasando por distintos contextos del conceyo, sempre á tardía, representando os diálogos y situacións que tein lugar nesos ambientes. Na última entrega chámase a sí mesmo *coronista*, y coa voluntá de fer úa crónica fiel da vida del lugar, nas outras nove llevóu al llector pollos distintos lugares da contornada, como pol casino (núm. 15, 10 de decembre de 1905):

Entonces van saliendo aquellos señores; atraviesan el Campo y queda el Casino mudo, sin que al cuarto de hora se oiga en su interior más que los ronquidos del conserje que espera a las diez para cerrar y las carreras de las ratas a lo largo de las vigas.

La lotería del Casino es la última ondulación del vivir castropolense.

El postrer latido que antecede a un colapso;

polla taberna (núm. 14, 30 de novembre de 1905):

Allá dentro de la tasca, una luz alumbra mortecina una partida de tute.

—¡Vota ese basto, redióis!

—No me da la gana.

—¡As cuarenta!

—¿Veslo? ¡Rocín!;

pollas feiras (núm. 18, 10 de xeneiro de 1906):

Llegó la noche, en la carretera cascabelan las jacas de los coches, trotan los jinetes al son de hebillajes y herraduras; las dulceras de Ribadeo, las fruteras de San Juan y algunas criadas pasan cargadas con sus cestas, las mozas siguen con el mismo cantar [...] y por fin entre Pedrón, que está de guasa, y Manolo Pazos, que ha gozado lo indecible viendo los caballos de la feria, viene don Dámaso murmurando:

—Mi alma, Pedrón, no me sentou ben a langosta.

Pedrón, mordaz, le tiro el siguiente derrote:

—Tú dirás cual foi das tres que comiche;

y einda polla casa d'úa moribunda (núm. 20, 30 de xeneiro de 1906):

—Corra, don José Antonio, que ye deu muito mal á Pepa y non sei si a estas horas tará xa con Dios.  
[...]

En torno de la cama disponían azoradas parientes y vecinas remedios que a ellas se les ocurrían. Una le acercaba a la nariz la botella del vinagre, otra a fuerza de palanquear con una cuchara logró librarla de que se hiciese dos la lengua mordida y apenas lo consiguió le hizo tomar dos copas de aguardiente, porque todo aquello era flatulencia, según ella decía, y no faltó otra que para volverla en sí le hincó los dientes con tal saña en el brazo tullido que a no estar la paciente en aquella disposición, hubiera dado el más lastimero clamor que cabe imaginar.

Estos ambientes son el telón de fondo dos personaxes castropolenses, dibuxados a través das súas intervencións en gallego-asturiano, sendo así esta úa forma de dar verosimilitú a lo narrado, aunque ás veces chéguese al pintoresquismo. Estas intervencións representan a llingua oral, xa que tratan d'imitar el xeito de falar dos castropolenses de primeiros de siglo. Hai que tello en conta, xa que nel caso d'*A marguras d'un viaxe*, el gallego-asturiano ta concebido como úa llingua *lliteraria* y pollo tanto escrita. Nel caso dos *Crepúsculos*, os enunciados en gallego-asturiano son representacións d'úa llingua *oral*, sin importar a elaboración poética que fixera García de Paredes. Tamén parece mui al xeito fer esta comparación con García González, xa qu'os sous primeiros poemas,

firmados como *Ormán*, muitas veces empezan con úa voz poética (identificable col narrador) en castellano, y son despóis os personaxes os qu'usan el gallego-asturiano.

Ademáis, nos *Crepúsculos* pódese notar mui ben el peso da estética romántica y modernista, non solo pol dito pintoresquismo, sinón tamén pol sou aire melancólico ou a ambientación temporal crepuscular. Nos fragmentos citados de García de Paredes, el tempo da historia é sempre al anoitecer. Valan como exemplo d'este gusto pollas últimas horas da tarde y as primeiras da noite os últimos párrafos da primeira entrega (*Castropol*, núm. 14, 30 de novembro de 1905), nos qu'atribuye a estas horas un daqué d'espiritualidá:

Ya la iglesia quedó desierta. Se oye el medroso chisporroteo de un cirio ardiendo a los pies de un cristo y los pasos de aquella devota que todos conocemos, que se prepara a caer en deliquio sobre la tarima de un altar.

Las sombras han invadido Castropol. El silencio es cada vez más imponente; solo de tarde en tarde lo turba el grito agorero de un pato cruzando los tesonos, el son metálico de un cazo que cae en una oculta cocina, el chirreo de una llave que cierra no se sabe qué puerta y la algazara de las gaviotas en un ignota restinga.

Solo por esos ruidos conocéis que vivís.

Tamén a voluntá de representar el alma d'un pueblo ta mui vinculada ás ideas románticas. Nese sentido, os espacios *crepusculares* sempre son sociales, de reunión; mentres qu'os espacios de García González eran máis íntimos, pra grupos pequenos de xente. Nel poeta temos a llareira, el dormitorio, el rego, úa finca; nos *Crepúsculos*, as feiras, el casino, a igreia... Del mesmo xeito, a visita á moribunda vai nesa llinia romántica, non solo polla proximidá da morte, sinón tamén pollos remedios que propóin as presentes.

Trouxemos outra vez a García González porque, nesa llinia, publicóu tamén un texto sobre a emigración, firmando como *Ormán*, nel que, igual que nos textos de García de Paredes, hai un pequeno diálogo en gallego-asturiano nun texto en castellano, que Fernández Acevedo califica como «cargado de tristura, fronte ó costumismo, moitas veces adobiado con humorismo que predomina na mayoría dos artigos da época» (Fernández-Acevedo, 2023, p. 268), humor que nun ta presente nos *Crepúsculos*. El texto, titulado «El árbol» (*Castropol*, núm. 25, 20 de marzo de 1906), parte d'este como elemento simbólico, testigo dos rapaces que xogan, se deitan ou trabayan a os sous pés, y como testigo da súa marcha pr'América:

—¿Non xogas con tous hermaníus?

—Non, señora —le responde el chico, lloroso también.

—Pois, ¿non teis ganas?

—Non, madre.

—Ben, meu fiyo, ben. Has a ser sempre formal, meu nenín; nunca desobedezas a tous amos y has de separarte das malas compañías; mira que vos fain desgraciados. Lo que ganes, xúntalo, non lo mal gastes, que aquí, xa ves, trabáyase muito y non se chega a un can grande. Repara, sinon en nosoutros, trabayando como unhos negros y sempre probes. Sí, meu fiyo, sí; fai por lo que ganes

En esto aparece el padre, viene de la villa y trae en la mano unos papeles: son los documentos para embarcar al niño, que marcha a las Américas.

[...]

Es el momento de partir. Llorando, en medio de sus padres, sale de casa el niño; la madre le acompaña hasta el árbol, allí le imprime interminables besos y cuando se lo arranca su marido y se aleja con él, traspasada de dolor, bañadas las mejillas por el llanto, quédase mirándole bajo la copa.

El árbol no susurra entonces; si no siente su amargura, la respeta al menos.

¡Cuántas escenas como esta ha presenciado!

¡Campesinos, amadle y respetadle siempre: bajo él han llorado vuestras madres! (*Castropol*, núm. 25, 20 de marzo de 1906).

Mentres qu'a poesía del *Castropol* é un bon exemplo del sou uso como código de comunicación social ben asentado nestos primeiros anos del siglo XX, nas noticias ou nos *Crepúsculos* el gallego-asturiano aparez de forma esporádica. Como menciona Suárez Fernández (Suárez-Fernández, 1999, p. 60), quizabes a esta nun la consideraban literatura con mayúsculas y por eso fain tanto énfasis en qu' *Amarguras d'un viaxe* teña escrito «en nuestro dialecto» y seña «acaso el primer trabajo de ese género que en forma de libro lo utiliza como medio de expresión» (*Castropol*, núm. 546, 10 de xunio de 1920). Así pensa tamén Francisco Xavier Frías Conde:

Durante os primeiros anos do século XX e ata a Guerra Civil houbo unha certa produción literaria, mais en ningún caso se trata dunha actividade literaria seria e continuada —agás os xa mencionados casos de Cotarelo Valledor e Santos Ferrería—. A literatura en galego de Asturias faise case toda ela a través de xornais e folletos, case sempre cun claro sabor local (Frías-Conde, 2003, p. 23)

Neste artículo queremos matizar estas afirmacións prantiando que, anque a calidá lírica nun sía tanta como a que temos nel resto da Península, sí que responden á mesma situación política. D'este xeito, os *Crepúsculos* beben da llinia que típicamente vén chamándose *Modernismo hispanoamericano*, mui achegada ainda a os motivos románticos, espirituales y esóticos. Pol outro llado, a poesía de *Farruco* representa máis ben a llinia típicamente chamada *Generación del 98*<sup>11</sup>, preocupada polla rexeneración d'España. Os primeiros textos escapan da situación nacional nun *Castropol* cuase místico y nas tardías chías de símbolos de morte; os poemas enfrentan os problemas políticos y buscan fer pensar a os llectores, anque sía fendo uso del humor. El valor d'estos textos ta na súa capacidá pra reformular esos mundos culturais nun contexto mui concreto y fendo uso del gallego-asturiano sin ter modelos anteriores nesta llingua.

Pr'acabar con este apartado, cabe fer mención á sección *Desahogos*, na que se fain pequenos comentarios, anónimos ou con alcuño, normalmente d'índole político-satírica. Ditos comentarios tán, ás veces, escritos en gallego-asturiano, y valan dous exemplos pra ilustrar el tipo de texto del que tamos falando: «Si sigues facendo propaganda para os novos, denúciote como tratante en pinos -*El Señor de la Loza*» (*Castropol*, núm. 120, 10 de novembro de 1908); «Si el tou home ten voto, has de facer por que yo dé a os de Lagar, que son unhos señores mui buenos que sempre dan a ganar unha peseta. -*VALERIANA*». (*Castropol*, núm. 121, 20 de novembro de 1908).

### 3. *El Aldeano*

Empeza a publicarse en 1929, despóis de cinco anos nos que nun houbo periódico nel conceyo debido á desaparición del *Castropol*. El boletín *El libro y el pueblo* foi el embrión d'este periódico, como xa se dixo máis arriba, pois os dous taban pensados como método de comunicación entre a Biblioteca y os habitantes del conceyo:

Su fundación se debe al mismo grupo que había iniciado la «Bepecé», con el mismo espíritu de servicio y el mismo desprendimiento económico, y, aunque en su editorial de arranque se propone una información y opinión generalista y de ello se recogen curiosos e interesantes datos, de facto su contenido gira en torno a las ideología y vida de la Biblioteca, por lo que se puede considerar como crónica de una parte de su historia y órgano oficioso de su pensamiento (Legaspi-Cortina, 2008, p. 43).

Lóxicamente, nun se limitóu ás informacións vinculadas coa BPCC, sinón que siguiu a llinia que principiara el *Castropol*, y nas páxinas d'este periódico sempre houbo «cuestións como el acceso á cultura da población rural, a necesidá d'un anovamento das técnicas pedagóxicas, a crítica del

<sup>11</sup> Independentemente de tar ou nun tar d'acordo coa tradicional división entre *Modernismo hispanoamericano* y *Generación del 98*, femos uso d'ella pr'amosstrar as dúas posturas que presentan os autores.

sistema político da dictadura de Primo de Rivera, el interés por qu'a mocedad se comprometera na política, etc.» (Suárez-Fernández, 2000, p. 12), seguindo as pautas que xa marcara el sou predecesor pero noutro momento histórico y político ben diferente.

Antias de comentar outras cousas, débese precisar qu'el *Castropol* ta en activo durante dúas décadas, mentres qu'*El Aldeano* apenas lo tará cuatro anos. Ademáis, ún é decenario y el outro quincenal y, pollo tanto, é obvio qu'habará moitos máis números del primeiro que del segundo, algo que nun se pode perder de vista al hora de fer úa comparación cabal entre ambos periódicos.

Einda así, nas páxinas d'*El Aldeano* publicáronse solo cinco poemas propiamente ditos, pois os demais textos que poderían encaixar baxo a etiqueta de *poéticos* tán noutras composicións. Cada ún d'estos outros fragmentos presenta un autor distinto: *Pepe de Mingo*, con us versos que tratan del parque de Tapia: «Vendo estas y-outras cousas / Feitas co-el mismo fomento / Mirando al cielo me digo / ¿Hasta cómo... meu contento?!» (*El Aldeano*, núm. 2, 31 d'outubre de 1929); *Un testigo*, con dous cuartetos núa narración:

El Coxo puso sobre las rodillas la tabla de cortar, colocó en ella un papel blanco, tomó el lápiz, y esperó a que brotase la inspiración. Salió de los labios de Fausto la cuarteta que abría el canto; se celebró; al instante sacudido por su nerviosismo, exclamó Levita: «Escribe, Coxo». Y escribió el Coxo:

Al verse varado Blas  
metenye a culpa a Farruco,  
y Farruco, enfurecido,  
foiseye encima del bulto.

Levita, obedeciendo a sus nervios, cerró los puños complacido y miró a Fausto. Este, conteniendo en el pensamiento otra estrofa, ordenó al Coxo: —«Pon». Y puso Eustaquio:

Y Xan, metido n'a lancha,  
mirando al tesón decia:  
¡que fale ahora Blas Nieto  
de su gran sabiduría!

(*El Aldeano*, núm. 30, 30 de decembre de 1930)

Manuel Marinero (Dueñas, 1906-Castropol, 1933), recoyendo úa interpretación popular del responsorio núa das conferencias que deu en Seares y que publicó, por partes, neste periódico (Suárez, 1959, t. V, pp. 136-137)<sup>12</sup>: «Si vas pal cielo, ben vas, / Si vas pal purgatorio, xa salirás / Si vas pal inferno, xa vas, / Por si ou por non / Pater noster kyrie eleyson» (*El Aldeano*, núm. 51, 15 de novembre de 1931) y *El Tío Pepe*, en forma de dito popular insertado núa narración: «Ayer dicicheme qu'hoi, / hoi dicesme que mañá y / mañá hasme decir: / —¿Cocéronche xa as patacas? / —Non, pero heiyas atizar candela» (*El Aldeano*, núm. 37, 15 d'abril de 1931).

Os cinco restantes sí que son poemas como tales. A diferencia d'estos cinco poemas frente a os del outro periódico é, a primeira vista, a súa extensión. Nel *Castropol* podían alcanzar hasta máis de cen versos, mentres qu'os poemas *aldeanos* tein úa extensión máis homoxénea y breve. Dende el punto de vista da forma, abandónanse os octosílabos, optando mayormente pol endecasílabo, y vai asentándose a desaparición da rima, algo que solo tía un testimonio nel *Castropol* y que, como ben apunta Suárez Fernández, naide vai volver fer en gallego-asturiano hasta finales del XX (Suárez-Fernández, 2006, pp. 45-46).

<sup>12</sup> Él y y sou ermao, xunto con Vicente Loriente y María Ramona Penzol foron os qu'escibiron el máis das obras del Teatro Aldeano y «de currillos» (Suárez-Fernández, 2009, p. 20).

Dende el plano del contido, xa nun hai aquela preferencia polla política. Hai ún de tema fúnebre, de Pedro Penzol homenaxeando al difunto Victoriano García de Paredes (*El Aldeano*, núm. 45, 15 d'agosto de 1931); outro que sí poderíamos insertar na vena político-satírica iniciada nel *Castropol*, pero muito máis suavizada, y escrito en forma de cuartetos: «Bromas en verso» de X. (*El Aldeano*, núm. 15, 15 de mayo de 1930); y outros tres («Grito», núm. 4, *El Aldeano*, 30 de novembro de 1929; «Donde», *El Aldeano*, núm. 6, 30 de decembre de 1929; y «A vey», núm. 9, *El Aldeano*, 15 de febreiro de 1930) que poderíamos dicir propiamente líricos y que tein el mesmo autor. Este é *Naide*, a quen Suárez Fernández, xa se dixo, identifica con Ramón García González, tanto pol estilo similar como por testimonios d'informantes locais (Suárez-Fernández, 1999, p. 62). En palabras de Suárez Fernández, estos poemas «son mostras d'úa poesía de traza máis madura y al tempo máis contemporánea qu' abre un camiñ lonxe dos tópicos románticos ou da rima fácilúa» (Suárez-Fernández, 2006, p. 46).

«Grito», *Nadie*.

Bufaba el vendaval, bufaba tolo,  
azoutaba na terra sin parar,  
aus bosques arrancábayes queixidos  
y al mar espumas y gruñir de cais.  
Un chubasco pasara habia pouco  
[...]

«In memoriam», Pedro Penzol

Y tú es el primeiro que te fuches  
inda novo y galán, inda luitando  
por a sorte d'os nosos intereses,  
a República, el ponte, os veyos usos  
toda a alma d'este gran penedo  
en que tamos vivindo emporondados:  
tu te fuches y faltasnos agora  
como falta un espeyo en que mirarse:  
[...]

«Bromas en Verso». X.

O estanquiño d'a praza  
Mansión se debe chamar,  
Porque canto ali se fala  
A todos gusta escoitar.

Falan d'asuntos do día  
Tratados con discrepción  
Se non que lo diga Sofia,  
Don Arturo ou Don Ramón.  
[...]

Si destaca algún autor, é outra vez García González, por ser el que máis publica. Pódese apreciar úa crara evolución na súa voz poética. Os poemas que publica agora son muito máis solemnes, breves y nun tein el humor satírico qu'era tan característico dos textos de 1912, quizabes porque el autor é máis maduro y pasóu pol peche del *Castropol* por causas políticas. Pero é que neste periódico tamos ante úa situación respecto á literatura ben diferente da que temos nel *Castropol*.

Si el primeiro destacaba pola poesía y tía pouca prosa, agora temos el caso contrario. Anque tamén pódense atopar, como neste último, fragmentos en gallego-asturiano que s'amecen a textos en castellano, *El Aldeano* xa publica textos en prosa escritos dafeito en gallego-asturiano, algo que nun sucedía nel *Castropol*.

Son máis de venticinco textos de distinta natureza. Entre os autores, moitos utilizan alcuño, como *El Aldeano*, *Chis.*, *El novio de la noche*, *Xuanín de Xonte*, *Aldeano da Praza*, *Aldeano de Taves* ou *El Tío Pepe*, alcuño d'Alejandro Sela (1911-1982) y autor con máis colaboracións neste periódico. Tán tamén Pedro García Arias, que, al xeito dos *Crepúsculos*, completa úa narración en castellano con un diálogo en gallego-asturiano, con motivo da morte de Franco Vior (*El Aldeano*, núm. 32, 30 de xeneiro de 1930); ou Manuel Marinero, qu'amece outro diálogo nun artigo nel qu'espón un horario que deben seguir os nenos pra «llegar a ser sabios, millonarios y santos, vivir 115 años, tener un hijo obispo, otro general y otras dos monjas, y además tener una bella estatua mejor que las de Benlliure con la inscripción “A Pepito”» (*El Aldeano*, núm. 8, 31 de xeneiro de 1930).

As composicións de Sela foron estudadas xa na citada edición *El Tío Pepe: Colaboracións periódicas en gallego-asturiano (1931-1948)* (2000), con un estudio preliminar de Xosé Miguel Suárez Fernández; y polo tanto nun se vai entrar agora en moito detalle, pero debe señalarse que se trata d'oito relatos breves cuyo tema son costumes y tradicións pasadas, como el *antroido* ou *os santurróis*. Ás veces toma un tono descriptivo-espositivo, y outras é el tío Pepe quen participa das historias que se narran. Valen como material etnográfico pral coñecemento de certos ritos sociais da época en zonas pouco estudadas «porque describen con moito detalle dalgús dos labores y festas que marcaban el calendario anual del llabrador [...] y todo cuntao cuas palabras dos veyos, cuas súas mesmas expresións y cómo súa mentalidad» (Suárez-Fernández, 2000, p. 16). Hai que destacar tamén el llabor profesional de Sela como perito agrónomo, xa que publicou sin alcuño un bon peiteiro d'artículos sobre miyoras agrícolas pra qu'os llabradores poderan amecellas a os sous cultivos.

Xa nel segundo y terceiro número del 30 d'outubre de 1929 y 15 de novembro de 1929, aparece el editorial «Aldeanadas», firmado por *El Aldeano*, alcuño baxo el que se sabe que taba Franco Fernández Prieto y Vior (†1931) (Suárez-Fernández, 2009, p. 38), y escrito completamente en gallego-asturiano. Nel primeiro dos textos, ubicado na portada, núa posición privilexada, esplicase el orixe del nome del periódico, os sous propósitos, y dedícase a combatir os prexucios negativos asociados á idea d'aldeano.

Ademáis, aunque algúns paisanos meus teñan esos defectos, eu non son así, ou al menos non quero ser así. Eu, xa antes de tar bautizado pra esta empresa, non quixen ser nunca rutinario, nin miserable, nin baxo, nin pasar os domingos bebendo copas y baladronando na taberna de lo que teño ou de lo que non teño. Eu procurei ser sempre honrado trabayador; gústame ser aforrador y, cuando fai falta, espléndido, ambas cousas con prudencia; feir a os vecinos el ben que podoo; cumprir estrictamente os meus deberes y ter, sin embargo, algunha tolerancia, hasta limite, con quen me falta ou non cumple conmigo, tratar con cariño al qu'e menos, con afabilidad correuta al qu'e máis, con desprecio distinto al qu'e soberbio seña máis seña menos; téñome nin por muy listo nin por muy burro, sinón por un home de regular sentido común capaz de dar un consejo nas cousas corrientes da vida y de conocer condo debo pedilo a quen sabe máis que eu. Con esto y con non ser nin muy rico nin muy pobre, voume gobernando. Lávome todos os días, báñome a menudo y ando vestido con bastante decencia. El defecto máis grande que teño e el de non afeitarme máis que cada oito días, cousa que ye da muita rabia a mia parenta... non sei porqué. Pero e que me leva el tempo algún libro que acostumbro a coyer cuando pouso el trabayo obligado (núm. 2, 31 de outubro de 1929)

Dentro dos textos políticos, *El Aldeano da Praza* —a quen Suso Fernández Acevedo identifica (Fernández-Acevedo, 2008, p. 45), seguindo a Xabier F. Coronado, como María Ramona Penzol

(1908-1990), ermá de Pedro Penzol y Travieso y esposa de Vicente Loriente Cancio (1900-1939), impulsor este da Biblioteca Popular Circulante— publica na súa sección *Cuentius* dous textos nos que contrasta as súas opinións progresistas sobre a República y el divorcio coas conservadoras del resto da población del conceyo «con ironía e con humor, pero coa contundencia suficiente como para que dean bastante que falar» (Fernández-Acevedo, 2014, p. 164), convertíndose na primeira muyer conocida en escribir en gallego-asturiano.

Despós d'ouguir esto, crein que xa se foran, pero non; e inda faltaba el meyor. Outra señorita decía muy apurada: «Lo malo es que con todas estas cosas los labradores y todos los aldeanos — aqui votoume unha mirada que temblou el penedo. ¡Como si eu que tou aqui tan tranquilo tuvese a culpa de todo esto que pasa! —se están poniendo tremendos ¡como si ellos fresen los amos!» ¡Que señoritas estas! ¿cómo se fairan pra discurrir axino? ¡Cata qué xente! Pero indanon acaben, outra dice: «Y luego a gente que metieron, fijaros que está de ministros Nicolau, el que mató a Dato y es un anarquista tremendo». Aquí dicen todas xuntas: «¡Qué horror» ¡Qué tolas tan! Elas que queren saber tanto ¿cómo non saberán que hay un señor de ese mismo apellido qu'e catedrático y unha persona tan honrada como a que mais? Eitá el que yes enseñan. Non entenden y despos xa se ve el que dicen. (*El Aldeano*, núm. 39, 15 de mayo de 1931)

Agora trae tola a muita xente eso del divorcio. Primeiro foi o d'a República, porque non yes convía; despois eso del comunismo que decían qu'iba vir y, al fin non veu; agora est'outro que... ¡mi alma se non e ben guapo! ¡Ay he! ¡Eso de que poda un descasarse, non me pinta miga mal! Y que hasta ven muy a xeito, porque hay una escasez d'homos que pasma. Deben ser con esas guerras qu'houbó, que acabaron con todo. (*El Aldeano*, núm. 52, 30 del 11 de 1931)

A raíz d'estas publicacióis, *El Aldeano de Taves*, aparentemente molesto, recoméndaye que nun se meta nesos temas complicados pra evitar desavenencias, y aprovetá pra tirarye úa puya al *Tío Pepe*, suxirindo que quizabes fala de cousas das qu'é demasiado novo pra poder falar. Ambos contéstanye, el *da Praza* de forma directa, falándoye a él noutro *Cuentius*; y Sela introducíndolo como personaxe núa das súas narracióis, *Por esos esfoyois* (*El Aldeano*, núm. 76, 30 de novembro de 1932), al ferye rabiá, de forma ben inxeniosa, polla instauración da República.

—¡Reinei<sup>13</sup>, reinei!, empezou a berrar unha rapaza que taba pr'aquela esquina, entre toda a cuadriya.

Armouse unha juerga y un barullo c'ol dichoso reinei que tuvemos varios minutos sin saber si aquelo era un esfoyón ou outra cousa sin parecido. Xente nova y leña verde, todo e fume – dice el refrán y ben dito – El Aldeano de Taves que tava al meu lado, d'esque foi calmando aquela algo, dixo con moita serenidad:

—Nin reinei nin reinache; agora hay república hasta n'os esfoyois.

—Nun n'os riamos d'eso – dicen os rapaces – pero, xa que el Aldeano de Taves ye deu ese color, nun hay inconveniente en que haya república hasta n'os carozos. El noso «reinei» nun ten pizca que ver con outros.

—Ay eso bueno —dice el de Taves.

Tamos agora nun punto nel qu'el gallego-asturiano, sin necesidá del castellano, vale pra discutir asuntos morales y de política nacional, non solo local, algo qu'era imposible nos números del *Castropol*, unde el uso del gallego-asturiano pra estos temas quedaba limitado á poesía, y nun solía chegar al nivel estatal. Trátase de secuencias qu'entran xa nel xénero del artículo d'opinión, anque utilicen ainda recursos humorísticos pra chegar a os llectores.

Nun se pode tampouco deixar de mencionar outros dous textos de *Xuanín de Xonte*, alcuño de José Ramón Martínez (1912-1999), administrador del periódico (Suárez-Fernández, 2009, p. 42);

<sup>13</sup> A rapaza ta decindo qu'atopóu a *reina*, é decir, úa mazaroca de meiz de color roxo ou oscura, qu'era motivo de celebración nos esfoyois (Varela-Aenlle, 2014).

tamén escritos dafeito en gallego-asturiano: «El llibro na aldea», sobre a importancia del llibro y a educación nel contexto aldeano, non solo castropolense, pois ponse d'exemplo a familias mexicanas, que sempre tein llibros na casa (*El Aldeano*, núm. 71, 30 de setembro de 1932); y «El Outono», sobre a relación qu' existe entre el sou estado d' ánimo y a contemplación del llugar, unde einda pode verse el peso que ten a sensibilidade romántica qu' había nos *Crepúsculos*, xa que «transmite a impresión melancólica que lle produce a paisaxe máis próxima nesta estación» (Fernández-Acevedo, 2014, p. 164):

Condo fai bon tempo, poño pes al camín y súbome al pico del Polayo, busco unha pedría pra semolir algo as cachas, séntome tranquilo y lo máis depresía que podo, comenzo a escuitar el ronquido tan agradable que fain as auguas del rio de Seixas, mezcándose coas pedras longuieras y alisadas que, arrastrándose por el regueiro abaxo, dan pracer ous meus ouguidos. Y condo se vai metendo el sol aló por cerca d'el Mondigo, solta unhas rayolas por entre medio d'os pínos qu'iai al redor de min que yes parece ous meus oyos ver un xardín tan ameno, nunca n'a vida por élos aculumbado; son estos, momentos de muyta emoción pral adentro d'un home qu'iaprecia todas estas xirigonzas.

Diredes vosoutros queridos leutores: y condo chove y fai vento? ¡Ay! condo chove y ventía voume pral «Campo d'os ventos» y ali me paso un cacho d'a tarde, agachapado detrás d'un noiro, ouservando tamén el soprido y silbido que fain el vento y el augua refolgando por entre os robres y os aveyanos. Bueno, y con estas panxolías acabo este pequeno parzamique, decíndovos qu'eas noites de lua, aló pasiendo por «As pedras brancas de Tormentosa», e pr'acabar de poner un espírito atolandrado de melancolía. (*El Aldeano*, núm. 81, 15 de febreiro de 1933)

Outros textos en gallego-asturiano, pero non como única variedá llingüística del discurso, son noticias y reportaxes nos que, igual que nel *Castropol*, s'insertan frases ou espresións en gallego-asturiano; a sección *Faraguyas*, similar a *Desahogos* en el *Castropol*; «Pasatiempos», de *Chis*. (*El Aldeano*, núm. 13, 15 d'abril de 1930), artículo nel qu'el narrador presenta úa conversación entre mulleres del pueblo y, baxo a forma del sabichar, trátanse temas d'interés político común pra os castropolenses:

— ¡Qué vello ta! ¿Non Vos fijastes? —observa una— ¡E einda vos abre os ollos!  
 — ¡Cala, cala! — advierte otra— Ta bon estreloxo. Lougo ha ter Remerín que faguerlles chorar as campanas, Sigue falando tu.  
 — Non teño qué.  
 — E entonces tanto apuro?  
 — Todas lo sabedes. Que hai Alcalde e tenientes de Alcalde novos.  
 — Pois ahora que saquen os pes das alforxas. ¡Ta esa ribada! No hai carnada que non tiren por ela. Das calles, non falemos; nalgúas, se as ortigas foran rabas, taban al pé da porta pra faguer el caldo. Este día subín por a Punta, e que pensades que vin? Os espíus del Paseu, donde Venancia da Puvixa danzaba a lo druída as noites de luna, cubertos de paxelos, servindo de tendales. Si é del carreiro da Ribadía, tapemos as narices;

«Charlas de actualidad», d'*El Reportero de El Aldeano* (*El Aldeano*, núm. 9, 15 de febreiro de 1930), na que, con forma dramática, el Mondigo y a Bobia conversan sobre a necesidá d'úa ponte que conecte Asturias y Galicia:

Por fin, hirma —oigo con asom-bro que dice Mondigo—. Por fin, Xa era tempo. Esto faciase corgante por demais. Eu estaba a punto de estalar, Sentía por dentro uchos fervores... Y que lo digas hirmau —contestó la Bobia— ¿Cuando nos deixara —decíame eu— esta peste de tempo que ta indose, indose y non acaba de facelo?

Mondigo —Canto pasamos!... ¡Si siquiera duras este bon tempo! Pero vexo malas caras. Esos tronos y relustres que ouguimos y vines non poden ir desfogar muy lexos d'aquí. Non podemos fiarnos créme...

La Bobia. —Pos eu lo sinto, hirmau. ¿Acordaste como disfrutamos estos tempos pasados desde os nosos observatorios? As lucidas comitivas de autos con señorois, alegraron estas carreteras. Os pueblos taban de festa, tirábanse cuetes y hasta a xente entusiasmada portaba ramos de flores. Non sei si veremos mais estas cousas,

Mondigo. —Asi mo parece. Pero al cabo tu, como muyer, fijaste solo nesas panxelas de flores, festas y cuetes. Eu me temo outra cousa mais seria. A cuestión del puente! Ahi nos dole, Bobia! El Puente que nos serviría de unión ¿en que quedará al cabo?

La Bobia. —Si. Despois de ir y vir, gastar y disfrutar, non sei si quedaremos como os podencos da fábula, sin lebre y sin conexo quen sabe hasta cuando. Negro lo vexo.

Mondigo. —Y eu, que a noite ta encima. Y descansar entonces y que os elementos sean con nosoutros benignos;

y úa historia sobre el Castropol antiguo titulada «Recuerdos», firmada por *Un Testigo (El Aldeano*, núm. 30, 30 de decembre de 1930), na qu'os personaxes compóin as estrofas en gallego-asturiano que darán pé al villancico *del Coxo*, mencionado al falar dos fragmentos poéticos d'*El Aldeano*. Nestas tres publicacións, solo son os personaxes os qu'usan el gallego-asturiano, mentres qu'el narrador fai sempre uso del castellano, sin importar el tema que se trate nel texto.

#### 4. Conclusións

Como vemos, ambos periódicos fain uso espontáneamente del gallego-asturiano nas distintas seccións, como úa forma de dar sabor local ás noticias ou ganarse a os llectores potenciales, pero dos poemas fruto d'úa fervente lluita política nel *Castropol* nun queda nada xa en *El Aldeano*, igual qu'os llargos textos en prosa d'este último nun tían ningún arraigo nel *Castropol*. Algo cambia na mentalidad dos autores castropolenses durante os cuatro anos que nun se publica ningún periódico nel conceyo, que yes fai escribir prosa en gallego-asturiano, abríndoyes el camín na prensa máis alló das colaboracións lliterarias y sendo un primeiro paso hacia a normalización a un tempo que deixan atrás a poesía. Quizabes pra os anos trenta as formas modernistas dos *Crepusculos* y *Amarguras d'un viaxe* xa nun triunfaban entre os llectores de poesía y nun houbese deseos d'esperimentar col vanguardismo nese ámbito, pois xa taban esperimentando úa renovación teatral col teatro de guiñol en gallego-asturiano<sup>14</sup>; ou quizabes tamén tuvo algo que ver a censura da dictadura y el peche del *Castropol*.

Este periódico destaca por úa poesía política y satírica, muitas veces narrativa y dialogada na forma, mentres qu'*El Aldeano* nun ten un tema poético predominante: hai textos políticos, líricos, satíricos, fúnebres y relixiosos por igual, pollo que parece que, ou como xa se dixo, baxou el interés na poesía en gallego-asturiano, ou máis ben ese interés abríuse a todos os temas y non solo a cuestións localistas. Así, pódese pensar qu'os poemas *aldeanos*, máis breves y solemnes, pero menos abundantes, respondan a úa mayor elaboración poética. Sía como sía, a poesía en gallego-asturiano aparec mui to menos nel periódico quincenal.

Pol outro llado, a prosa del *Castropol* solo pon el gallego-asturiano na boca dos personaxes, rara vez é el narrador quen la usa. Esto pode explicarse polla situación diglósica dos autores, que tuveran úa educación en castellano que yes fixo ir deixando el gallego-asturiano pra usos máis cotidianos y familiares. El aire costumista dos *Crepusculos* busca dar verosimilitud a lo narrado, y el gallego-asturiano é un elemento fundamental pra llograr ese oxetivo, aunque ás veces se chegue al pintoresquismo y se proyecte úa visión romántica del aldeano. Sin embargo, *El Aldeano* usa esta variedad como a súa d'úa forma natural, integrada na súa propia idiosincrasia, y dótala d'espacios a os que nun chegara antias. As *Aldeanadas* y os *Cuentius* presentan secuencias discursivas argu-

<sup>14</sup> Nalgús casos, con prantiamientos completamente insertados nas novas correntes das vanguardias europeas. A este respecto, convén botar úa oyuada a os apéndices documentales de Suárez Fernández, *El Teatro aldeano* (Suárez-Fernández, 2009, pp. 287-310).

mentativas y espositivas escritas dafeito en gallego-asturiano, cosa que nun ocurría nel *Castropol* y, ademáis, el propio periódico decide usar esta variedá llingüística pra comunicarse col público y redactar os sous editoriales, qu'incluso chegan a aparecer nas portadas.

Al mesmo tempo que temos úa rápida expansión del gallego-asturiano pola prosa periodística, os autores nun chegan a dar completamente el paso y a escribir prosa ficcional en gallego-asturiano y os textos máis lliterarios siguen mantendo a diglosia dos *Crepúsculos*. Nun deixa de ser interesante considerar que, nel contexto d'estos periódicos, fose máis natural el acceso del gallego-asturiano ás discusións políticas qu'á voz del narrador. Por eso son tán importantes as colaboracións de Sela, non solo pol contido, sinón tamén por adoptar el gallego-asturiano para todo el conxunto del texto, sin distinguir entre os parlamentos dos personaxes y os del narrador.

Nel que respecta al contido, sendo noticias da zona, política local y asuntos fúnebres os temas predominantes dos textos analizados nel *Castropol*, parez que tán restrinxidos a temas da realidade máis inmediata, nel sentido de que quen atope estos textos en gallego-asturiano automáticamente asumiría y verificaría qu'el contido dos mesmos ten que ver col sou entorno y que pode afectarye muito máis directamente qu'as outras partes del periódico, escritas en perfecto castellano. Supoñería un xeito de ganarse el atención del público potencial, quen tería mui marcada a diferencia entre aldeano y señorito, acentuada pol idioma. En contraposición, *El Aldeano* y os sous autores, atacando esos estereotipos sin perder as temáticas localistas, ábrense a asuntos que salen das fronteiras del conceyo y qu'interesan tamén á xente que fala castellano: a República y el divorcio, por exemplo.

Dende el primeiro número del *Castropol*, en 1905, hasta el último d'*El Aldeano*, en 1933, pódese observar cómo el gallego-asturiano vai ganando espacio na vida cultural gracias al potencial que ye ven os autores. Penetra nos periódicos na forma de poesía satírica y de circunstancias y vaise ampliando al ensayo político y etnográfico, pasando polla imprenta con úa poesía de mayor «seriedad» en *Amarguras d'un viaxe* y incluso chega á escena teatral, con *Un feixe de tapiogadas* en 1922, á que siguen outras pezas dramáticas como *El trato*, de Francisco Arias Campoamor (1925), el «Teatro de Currillos» y el Teatro Aldeano da Biblioteca Popular Circulante de Castropol, indiscutible centro cultural da época, nos anos trenta; y todo ello atestiguado gracias a dúas publicacións seriadas que s'editaron nel conceyo de Castropol neste primeiro tercio de siglo.

### Referencias bibliográficas

- Babarro-González, X. (2003). *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Vigo: Fundación Perro Barrié de la Maza.
- Babarro-González, X. (2007). *Évos un amaicer guapoaproximación á poesía en lingua galega do Principado de Asturias*. València: Editorial Tirant Lo Blanch.
- Babarro-González, X., Bugallo-González, R. & Fernández-Acevedo, S. (2023). *Literatura Galegoasturiana*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Bugallo-González, R. (2009). *Literatura dramática e teatro en galego do Eo-Navia*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Carballo-Calero, R. (1962). *Historia da literatura galega contemporánea*. (Tomo I). Vigo: Galaxia.
- Castropol: periódico decenal: defensor de los intereses morales y materiales del partido judicial (1905-1924)*
- Fernández-Coronado, X. (2003). *El Aldeano: periódico de información regional (1929-1933)*. Castropol: Ayuntamiento de Castropol. [Edición facsimilar].
- Fernández-Coronado, X. (2008). *Memoria de la Biblioteca Popular Circulante de Castropol. Biografía de una red de bibliotecas a través de sus publicaciones*. Oviedo: KRK.
- Fernández-Acevedo, S. (2008). *A herdade que nos temos: historia e escolma da prosa en galego do Eo-Navia*. Vigo: Universidad de Vigo.
- Fernández-Acevedo, S. (2014). Galicia e o galego na prensa de Castropol anterior a 1936. *El Toupou que Fuza*. <https://eltoupoquefuza.blogspot.com/>
- Fernández-Acevedo, S. (2023). A herdade que nos temos: historia e escolma da prosa en galego do Eo-Navia. En Fernández, S., Babarro, X. & Bugallo, R. (Eds.). *Literatura galego asturiana. Poesía, Prosa, Teatro*, pp. 247-287. Vigo: Universidad de Vigo.

- Fernández-Méndez, D. & López-Pérez, C. (2001). *Historia de Tapia a través de sus calles*. Oviedo: Ediciones Nobel. [2 vols.].
- Frías-Conde, F. X. (2003). *A literatura eonaviega contemporánea (notas sobre literatura galega de Asturias)*. Eilao: MDGA, Mesa prá Defensa del Galego de Asturias.
- García-Rendueles, E. (1987). *Los nuevos bablistas. (Facsimil de la edición de Xixón de 1925 con un entamu de Álvaro Ruiz de la Peña)*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- Legaspi-Cortina, L. (2008). *Datos históricos con alguna apostilla personal y juicios de menos momento y cuantía*. Castropol: Fundación Ría del Eo.
- Rodríguez-Fernández-Bron, J. A. (2004). Presentación. N'Uría J. (Coord.). *Historia de la prensa en Asturias. I. Nace el Cuarto poder: La prensa en Asturias hasta la Primera Guerra Mundial*, p. 7. Oviedo: Asociación de la Prensa de Oviedo.
- Rodríguez-Infesta, V. (2004). Prensa, política y sociedad. N'Uría J. (Coord.). *Historia de la prensa en Asturias. I. Nace el Cuarto poder: La prensa en Asturias hasta la Primera Guerra Mundial*, pp. 47-135. Oviedo: Asociación de la Prensa de Oviedo.
- Santos-Mediante-Ferraría, A. (2002). *21 poemas*. Taramundi: Ayuntamiento de Taramundi. [Ed. de Babarro-González, X.].
- Suárez, C. (1936-1959). *Escritores y artistas asturianos*. (Tomos I, III, IV, V, VI, VII). Oviedo: RIDEA.
- Suárez-Fernández, X. M. (1996). Apuntes sobre a lliteratura en gallego-asturiano. *Lletres Asturianas* 58, pp. 21-29.
- Suárez-Fernández, X. M. (1999). Alejandro Sela y otros escritores en gallego-asturiano nel periódico *El Aldeano* de Castripol (1929-1933). N'Academia de la Llingua Asturiana, Secretaría Llingüística del Navia-Eo (Eds.). *Actas das Primeiras Sesióis d'Estudio del Occidente. (Castripol, 8 d'agosto de 1998)*; 1999, pp. 59-66. Navia: Academia de la Llingua Asturiana, Secretaría Llingüística del Navia-Eo.
- Suárez-Fernández, X. M. (Ed.) (2000). *El Tío Pepe: colaboracióis periodísticas en gallego-asturiano (1931-1948)*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, Secretaría Llingüística del Navia-Eo.
- Suárez-Fernández, X. M. (2006). *Unde letras falan. Antoloxía da poesía en gallego-asturiano (1891-2006)*. Uviéu: Trabe.
- Suárez-Fernández, X. M. (2009). *El «Teatro Aldeano» da Biblioteca Popular Circulante de Castripol (1929-1934). Historia, estudio y edición das obras*. Uviéu: Ámbitu.
- Uría, J. (2004). Introducción. La prensa en Asturias antes de 1914. Hacia una prensa de masas. N'Uría, J. (Coord.). *Historia de la prensa en Asturias. I. Nace el Cuarto poder: La prensa en Asturias hasta la Primera Guerra Mundial*, pp. 9-44. Oviedo: Asociación de la Prensa de Oviedo.
- Varela-Aenlle, C. X. (2014). *Contribución ao diccionario galego: o léxico do galego de Asturias (LeGA)*. [Tesis doctoral, Universidad de Vigo].
- Villar-Loza, C. (1999). *Un feixe de tapiegasdas*. Uviéu: Conseyería de Cultura del Principáu d'Asturies. [Edición facsimilar].

Recibíu: 15.03.2024  
 Aceutáu: 01.08.2024